

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, A UNIVERSIDADE DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O IMPULSO, DIFUSIÓN E MELLORA DA TRANSPARENCIA NA ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA.

En Vigo cinco de marzo dous mil dezaioito

REUNIDOS

Dunha parte, don Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude dos Decretos 229/2012, do 2 de decembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia e 230/2012, do 2 de decembro, polo que se nomea ao vicepresidente da Xunta de Galicia no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, e o punto segundo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución do 8 de abril do mesmo ano (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte, don Salustiano Mato de la Iglesia, reitor magnífico da Universidade de Vigo, actuando en nome e representación da citada universidade, segundo o establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e no Decreto 47/2014, do 24 de abril, do seu nomeamento.

E doutra parte, don Alfredo L. García Rodríguez, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), actuando en nome e representación daquela, no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46 dos Estatutos da FEGAMP, aprobados pola Asemblea Xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003 e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral do 30 de outubro de 2015.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas estatutariamente, entre outras, competencias exclusivas en materia de réxime local, correspondéndolle a ditos

efectos o desenvolvemento de políticas públicas para garantir un axeitado desenvolvemento das obrigas legais.

Pola súa banda, o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e se determinan as súas competencias, modificado polo Decreto 11/2015, de 5 de febreiro, establece que lle corresponde a dito departamento a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de administración local.

Segundo.- A Universidade de Vigo, é unha entidade pública con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar que xa está a colaborar cos concellos a través da posta en marcha de distintas actuacións destinadas a fomentar e a favorecer o grao de cumprimento das novas obrigas en materia de transparencia, especialmente naqueles concellos que carecen de medios suficientes para facer fronte a estes novos retos.

Terceiro.- En efecto, a *Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno*, incluíu dentro do seu ámbito de aplicación aos concellos, como destinatarios de boa parte das obrigas que a nova lexislación establece.


Así, esta lei susténtase en tres piares fundamentais: o primeiro, ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública; o segundo, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e o terceiro, establecer as obrigacións de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos.

Cuarto.- Porén a Universidade de Vigo, ao longo dos últimos anos ten levado a cabo numerosas investigacións, publicacións e xornadas formativas en materia de transparencia local que están a ser de grande utilidade para facilitar a implantación e o desenvolvemento da lei estatal nas entidades locais galegas.

No seu eido, conta cun grupo de expertos de gran experiencia e un importante coñecemento do escenario local en xeral e galego en particular. Trátase do grupo de investigación GEN que desenvolve a "Red Localis", Rede Local de Administración Pública de Galicia e que está integrado por expertos recoñecidos en materia de transparencia local, tanto do ámbito universitario como profesionais en exercicio do ámbito local.

Quinto.- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten entre as súas finalidades, servir de apoio e axuda aos concellos galegos para acadar o grao de transparencia establecido pola actual normativa e servir de acompañamento en todo este proceso.

Sexto.- A FEGAMP, de acordo co establecido no artigo 6 dos seus Estatutos, ten entre os seus fins, a representación e defensa dos intereses das entidades locais, a promoción das competencias locais e calquera outro fin que afecte ou incida de xeito directo ou indirecto



galicia



nos seus asociados. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus Estatutos.

Sétimo.- Neste eido, as tres partes asinaron, o 18 de xullo de 2016, un convenio de colaboración co propósito de impulsar, difundir e mellorar a transparencia na administración local de Galicia mediante unha serie de actuacións que se desenvolveron entre 2016 e 2017.

Entre outras, cabe destacar a realización dun estudo diagnóstico sobre a situación e o nivel de cumprimento de transparencia de cada un dos concellos de Galicia; o redeseño do novo Portal de transparencia local de Galicia configurado como un instrumento a disposición dos concellos para mellorar a transparencia na súa xestión, onde se estableceron diferentes categorías para facilitar tanto a publicación da información polos Concellos como a súa localización polos veciños. Ao tempo levouse a cabo un redeseño da interface da súa información, xerando un espazo máis intuitivo na súa utilización, promovendo a inserción de elementos de apoio, como buscadores, preguntas frecuentes, a elaboración de formularios tipo, modelos normalizados e a elaboración dunha Guía práctica para axudar aos concellos onde se explican as claves prácticas en relación co cumprimento das obrigas legais.

Oitavo.- Así pois, dada a experiencia e capacidades que ten acumuladas a Universidade de Vigo na materia, e a frutífera colaboración anterior, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten especial interese en continuar colaborando con esta entidade en aras a avanzar no apoio que está a prestar aos concellos para o mellor cumprimento das súas obrigas en materia de transparencia, en concreto, en executar accións de difusión, presentación, coñecemento e propor medidas de retroalimentación do Portal de Transparencia local de Galicia, propoñer ferramentas colaborativas e actualizacións das guías e materiais a disposición dos concellos, realizar o seguimento do Portal de Transparencia local mediante a elaboración dun informe anual sobre Transparencia Municipal e levar a cabo actividades de impulso, fomento e desenvolvemento das políticas públicas en materia de transparencia orientadas ao goberno aberto.

Noveno.- Polos propios fins que ten atribuídos a FEGAMP, esta asociación é a idónea para publicitar e difundir a existencia do presente convenio entre os concellos galegos así como a poñer a disposición dos mesmos os instrumentos e ferramentas que se elaboren en virtude do mesmo, e que lles permitirán optimizar a estes as súas actuacións en materia de transparencia e iso sen prexuízo das actuacións que na materia ven desenvolvendo a FEGAMP.

Décimo.- As actuacións incluídas no presente convenio son de claro interese público e inciden directamente nos veciños dos concellos galegos en xeral, implican unha clara mellora nas relacións entre as administracións locais e os cidadáns e o reforzo e incremento da confianza dos cidadáns na acción pública. E isto, porque a transparencia



galicia



non consiste só en publicar datos sen mais, senón que a información debe de estar correctamente estruturada e ser comprensible, de xeito que a cidadanía a saiba utilizar. O exercicio da transparencia non acaba con publicar a información, senón que hai que divulgala e explicala. Só así será de utilidade e se acadará o obxectivo da transparencia.

Décimo Primeiro.- A Universidade de Vigo cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo có disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio:

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Universidade de Vigo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o impulso, difusión e a mellora da transparencia no ámbito local de Galicia. En particular, o obxecto deste convenio consiste no apoio financeiro á Universidade de Vigo para continuar co apoio que está a prestar aos concellos para o mellor cumprimento das súas obrigas en materia de transparencia.

SEGUNDA.- Obrigas da Universidade:

1. Executar accións de difusión e coñecemento do Portal de Transparencia local de Galicia entre as que se atopan a publicación de artigos en revistas especializadas, foros e blogs recoñecidos, redes sociais, entre outras.
2. Colaborar coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través da realización de propostas que podan ser tidas en conta á hora de retroalimentar e mellorar o Portal de Transparencia local de Galicia e que estean destinadas a facilitar o seu uso aos concellos, tendo en conta as peculiaridades da planta local galega, tanto organizativas como de funcionamento.
3. En liña co anterior, propoñer ferramentas colaborativas e actualizacións da Guía de transparencia do Portal de transparencia local de Galicia e dos materiais a disposición dos concellos. Propoñer a incorporación de novos materiais aos repositorios documentais e elaborar e difundir unha enquisa sobre transparencia municipal e análise de datos.
4. Potenciar a transferencia do coñecemento e análise de experiencia a través de liñas de formación dirixidas á sociedade civil, cidadáns e empregados públicos, (mediante foros,

relatorios, curso ou talleres). Presentación de comunicacións en congresos sobre xestión pública, e outras accións de formación.

5. Realizar o seguimento da utilización, actividade e impacto do Portal de Transparencia local mediante a elaboración dun informe anual sobre transparencia no nivel municipal.

6. Levar a cabo accións de proxección pública que permitan incardinar dun modo permanente a transparencia no desenvolvemento das políticas públicas orientadas ao goberno aberto.

7. Destinar os fondos percibidos para financiar os gastos necesarios para levar a cabo as actuacións referidas nos dous puntos anteriores.

8. Presentar unha certificación de gastos executados para a consecución dos obxectivos.

9. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ó Consello de Contas.

TERCEIRA.- Obrigas da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Achegar á Universidade de Vigo a cantidade de TRINTA MIL EUROS (30.000 €), para financiar as actuacións establecidas na Cláusula segunda a desenvolver pola Universidade de Vigo, e que se financiarán con cargo ás aplicacións orzamentarias e anualidades seguintes:

Aplicación orzamentaria	Ano 2018	Ano 2019
05.21.121A.444.0	13.000,00	17.000,00
TOTAL	30.000,00	


CUARTA.- Obrigas da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Publicitar e difundir a existencia do presente convenio entre os concellos galegos así como a poñer a disposición dos mesmos as accións, instrumentos e ferramentas elaboradas pola Universidade de Vigo, de conformidade co previsto na cláusula 2 do presente convenio.


QUINTA.- Medios humanos

O desenvolvemento das tarefas relacionadas na cláusula segunda será realizado por persoal investigador adscrito ao grupo de investigación GEN da Universidade de Vigo.

A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades que



galicia



constitúen o obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, directa, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SEXTA.- Xustificación e libramento de fondos:

A achega económica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza realizarase nos termos requiridos no artigo 48 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, incorporando unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos, unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento, as correspondentes facturas e xustificación do seu pagamento, os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios propios ou, de ser o caso con achegas procedentes doutras subvencións ou recursos, detallando os ingresos ou subvencións que financien a actuación obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia. O prazo máximo para presentar dita documentación será ata o 15 de decembro de 2018 para a anualidade de 2018 e ata o 15 de decembro de 2019 para a anualidade de 2019.

Así, os gastos elixibles comprenderán colaboracións de profesores da Universidade de Vigo, doutras Universidades e empregados públicos doutras administracións públicas, subministros, material de oficina, materia funxibles, viaxes e dietas tanto para grupo de investigación GEN como do persoal colaborador do proxecto.

O representante da Universidade acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Se fora o caso a Universidade de Vigo achegará a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

Xunto coa documentación xustificativa, o representante da Universidade estenderá unha certificación que acredite o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade, presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

De acordo co previsto no artigo 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 11 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, antes do pagamento da achega, a Universidade de Vigo aportará unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de



galicia



pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no art. 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza un exceso nas subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Universidade de Vigo deberá reintegralo xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no art. 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ó amparo deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorrera a Universidade, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se efectuaran con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.


SÉTIMA.- Pagos parciais:

A achega económica da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, poderá instrumentarse mediante pagamentos parciais, a solicitude da Universidade de Vigo, ata un máximo do 80% da contía total da achega, de acordo co disposto no art. 62 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro e 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para a realización de pagamentos parciais a Universidade de Vigo deberá xustificar os gastos realizados ao abeiro do convenio, así como o seu pagamento. Os pagamentos parciais quedarán condicionados ó resultado da liquidación definitiva.

De acordo co establecido no artigo 11.d) da Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, antes de efectuar o primeiro pagamento parcial da achega económica da Administración Autonómica, a Universidade de Vigo deberá presentar unha declaración do conxunto de tódalas axudas concedidas para este mesmo fin, perante as Administracións Públicas ou outros entes públicos.

Con carácter previo á tramitación do derradeiro pagamento a entidade deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actuación das distintas Administracións Públicas ou das entidade vinculadas ou dependentes das mesmas.



galicia



OITAVA.- Comisión de seguimento do convenio:

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta de seguimento integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público autonómico e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, debéndose reunir cando o solicita algunha das partes.

A súa función será velar polo cumprimento das obrigas previstas no mesmo, así como propoñer a solución ós problemas que puideran xurdir.

En concreto, as súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Proposta, se é o caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Coordinación das funcións das partes asinantes do convenio.
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio.

NOVENA.- Compatibilidade con outras axudas:

Conforme co disposto no artigo 40.1.d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais

DÉCIMA.- Publicidade:

A Universidade de Vigo comprométese a informar, nas actividades que realice, da colaboración da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no financiamento dos gastos obxecto deste convenio.

De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións públicas de Galicia e o Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de tódalas condicións e obrigas recollidas neste convenio, e do sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.



galicia



A Universidade de Vigo presta o seu consentimento para a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da CA para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto de conformidade co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Causas de resolución:

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades obxecto da axuda.


De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza esixirá o reintegro das contías percibidas e o xuro de demora correspondente, de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. – Vixencia e duración.

Este convenio entrará en vigor ó día seguinte ó da súa sinatura e a súa duración será ata o 31 de decembro de 2019.

DÉCIMO TERCEIRA- Natureza do convenio:

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-



galicia




Administrativa, para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación

DÉCIMO CUARTA.- Normativa aplicable:

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 e na demais normativa que sexa de aplicación.

E en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O Vicepresidente e conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza




Alfonso Rueda Valenzuela

O Reitor da Universidade de Vigo



Salustiano Mato de la Iglesia

O Presidente da Federación Galega de
Municipios e Provincias



Alfredo L. García Rodríguez